

*Cláusula*

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCCIONS E OUTRAS INSTALACIÓN, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA

**Artigo 1°. Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordeación da Taxa por apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

**Artigo 2°. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título desta Taxa.

**Artigo 3°. Suxeitos pasivos.**

Serán suxeitos pasivos desta Taxa as personas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

**Artigo 4°. Responsables.**

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5°. Cota tributaria.**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 6°. Beneficios fiscais.**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

**Artigo 7°. Devengo.**

Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presentala solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

**Artigo 8°. Liquidación.**

- Cando se trate de servicios puntuais liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo



caso antes de iniciar o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase a Taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da Taxa ou na liquidación única anual.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a debeda, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### **Artigo 9°. Ingreso.**

O pagamento desta Taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio dos expedientes de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

#### **Artigo 10°. Infraccións e sancións.**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### **Artigo 11°. Normas de xestión.**

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta Taxa, deberán presentar solicitudes achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da Taxa en calidade de depósito previo.

- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da Taxa ingresada en calidade de depósito previo.

- Unha vez autorizada ou concedida licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.

- Cando finalice o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a Taxa.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza Fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



ANEXO Á ORDENANZA DA TAXA POLA APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSO ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCCIÓN E OUTRAS INSTALACIÓN, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

1.- A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1.- Pola apertura feita na calzada, beirarrúa ou calquera outros bens do dominio público municipal esixirase por cada metro cadrado ou fracción ó día:

	EUROS
1.1.1.- Na zona primeira .....	1,60
1.1.2.- Na zona segunda.....	1,29
1.1.3.- Na zona terceira.....	1,34

1.2.- Pola apertura realizada nos bens antes citados, cando a calicata ou zanja teña un ancho inferior a 1 metro esixirase por cada metro lineal ou fracción ó día:

	EUROS
1.2.1.- Na zona primeira .....	0,22
1.2.2.- Na zona segunda.....	0,22
1.2.3.- Na zona terceira.....	0,17

1.3.- As anteriores tarifas experimentarán un incremento do 25% cando o aproveitamento teña unha duración superior a unha semana e do 50% si é superior a un mes.

1.4.- Fianzas provisionais:

1.4.1.- Por apertura de calicatas ou zanzas: EUROS

1.4.1.1.- Por m<sup>2</sup> de zanja, calicata ou remoción do pavimento .....101,91

1.4.2.- Por obras, construcións, instalacións lindeiras coas beirarrúas en vías públicas asfaltadas:

	EUROS
1.4.2.1.- Por m <sup>2</sup> de beirarrúa de pedra .....	203,94
1.4.2.2.- Por m <sup>2</sup> de beirarrúa del baldosa.....	111,39
1.4.2.3.- Por m <sup>2</sup> de V.pública no asfalta .....	20,42

2.- As débedas non satisfeitas en voluntaria serán satisfeitas na vía de constrinximento.

Tui, 19 de Novembro do 2007

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do....., correspondente a ordenanza fiscal reguladora do/a..... foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 03/12/07; Exposto ó público para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 17/12/07; e, no BOP nº 242 de data 17/12/07, quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BO nº 42 de 28/02/08; data da súa entrada en vigor.  
Tui ..... de ..... de .....

O SECRETARIO - O INTERVENTOR

